

ARMESTO.

PROGRAMA

ELECTORAL

XOSÉ LUIS ARMESTO.
CANDIDATO A REITOR.
UNIVERSIDADE DA CORUÑA.

ARMESTO2011.ORG

TEMPO DE RESPOSTAS.

Este programa preséntase baixo o lema Tempo de respostas, resumo das propostas que traio á aprobación da comunidade universitaria coruñesa e ferrolá. De tanto falarmos dos malos tempos que vivimos, mesmo semella estarmos a entrar en época de desconto na progresión do noso país e da nosa universidade. Creo sinceramente que non debe ser así. Antes ao contrario, é hoxe máis obrigado que nunca darmos resposta eficaz ás dificultades, como o fixemos no pasado e como sabemos facelo para o futuro. É hora de responder e de facelo como comunidade unida e responsable, sabendo onde queremos ir e con que medios.

As respostas que o meu equipo e eu presentamos contan co favor da experiencia. Á aplicación de estratexias a longo prazo e de políticas orzamentarias axustadas permitíronos chegar ata aquí sen débedas, cunha economía saneada. Non fará falta insistir na importancia disto no actual contexto. Antes de que fose lugar común ou de que soasen as alarmas, nesta universidade soubemos aplicar leccións de rigor, chamémolo austeridade ou, como eu prefiro dicir, de sustentabilidade. Por tal razón, presento un programa realista, sen receitas máxicas, axustado ao escenario existente, por iso mesmo posible e necesario para avanzar. Porque o importante é que podemos e debemos seguir avanzando. Ante todo, deberemos saber onde queremos ir, que modelo de universidade queremos. Esa resposta é básica para saber por que apostamos. A crise non debe ser desculpa para poñer en cuestión servizos públicos, e non soamente na universidade, tamén no ensino primario, na sanidade ou nos servizos sociais. Falamos de universidade, mais falamos de sociedade. Mellor aínda, falamos de persoas concretas.

Ante todo, creo que cómpre volver a reivindicar a autonomía universitaria, agora que tende a deixarse na penumbra perante propostas xerenciais que rebaixan a democracia ou son torpemente economicistas.

Autonomía universitaria significa sermos a propia comunidade universitaria quen marquemos as regras e os obxectivos científicos e sociais do noso autogoberno. Ou deberán dicirnos desde fóra en que debemos investigar? Autonomía significa financiamento público suficiente para cumprir con liberdade e con eficacia os nosos obxectivos en docencia e en investigación. Autonomía significa colaboración eficiente e beneficiosa co sector privado sen estarmos condicionados economicamente polos seus intereses inmediatos. Significa non dependermos do esforzo económico das familias que mandan seus fillos á universidade, mesmo se for

posible, que non o é. O custo de tal autonomía sería unha universidade elitista, para uns poucos.

Autonomía e servizo público son así dúas caras da mesma moeda. Refórzannos e reforzan a cohesión social. Unha universidade pública e con autonomía ofrece sen dúbida maior calidade. É tamén unha universidade máis crítica, máis creativa e, sobre todo, máis útil en termos de rendibilidade social.

Adoito poñer sempre sobre a mesa a nosa negativa á suba das taxas, pois afectan especialmente ao estudiantado, que é o corazón da universidade, o que máis nos liga á sociedade que servimos. O debate das taxas non é cousa dun céntimo arriba ou abaixo, mais un elemento central que marca o carácter público, aberto e socialmente nivelador da universidade. Unha universidade realmente aberta a toda a sociedade converte a propia sociedade nunha estrutura máis flexible, máis igualitaria, fai dela un espazo de vida onde calquera pode desenvolver as súas capacidades.

Ofrécense neste programa un bo número de respostas concretas e, sobre todo, posibles, aos principais retos que temos por diante. Algúns deses retos veñen de antes e permanecen na axenda. É a cuestión da residencia de Elviña, que estaba practicamente resolta e se evaporou por circunstancias políticas. Tamén a residencia de Ferrol. O modelo público a que facía referencia non nos permite conformarnos con solucións privatizadoras, de xestión privada de recursos públicos. Por outra parte, iso xa o temos, pois convén lembrarmos que, por responsabilidade, esta universidade sufraga actualmente prazas en residencias privadas. Tampouco é un problema de hostalaría. Ese diñeiro debera contribuír a unha residencia pública, nas nosas propias mans, que dea vida ao campus, que sirva tamén ás necesidades de aloxamento de toda a comunidade e en calquera momento do ano.

Medicina é outro deses temas pendentes. Nos últimos anos avanzouse na resposta a esa demanda máis que nunca antes na nosa historia. Falta agora o impulso político que faga realidade o consenso básico conseguido. Á resposta pasa, se for necesario lembralo, por algo que está na fronte deste programa: a colaboración, a cooperación leal entre universidades, que se manifesta xa na aposta por títulos interuniversitarios. Pénsese que da nosa oferta de mestrados, o 40% son interuniversitarios.

Son dous exemplos que reforzan a importancia de sermos coherentes na defensa do público e da colaboración, aspectos fundamentais deste programa.

Iso chámase eficiencia e optimización de recursos. A eficiencia non se mide polo gasto efectuado, mais polos recursos existentes. Nós somos eficientes, como vimos demostrando. Seriamos tanto ou máis eficientes con maiores recursos. Por iso reclamamos da administración autonómica un comportamento máis responsable e máis nivelador para o financiamento universitario. Pois se falamos de sustentabilidade no gasto, a Universidade da Coruña foi exemplar. Non é fácil resumir tantas páxinas como hai neste programa. Destacaría con todo catro aspectos que engloban boa parte das tarefas para os catro vindeiros anos.

A aposta pola internacionalización é un deles. Outras urxencias deixaron en segundo plano este aspecto que a experiencia revela como esencial para a universidade que nos vén. Falar de internacionalización é bastante máis que facelo de mobilidade, por importante que sexa esta. A importancia da captación de recursos fóra do noso marco inmediato e a proxección do noso labor fóra del son hoxe esixencias básicas.

A investigación é outro eixe do programa. Vimos de onde vimos, dun modelo de universidade técnica onde predominaba un importante número de escolas e de profesorado sen título de doutor. Ese modelo, se non respondía daquela ás esixencias da investigación, menos o faría despois. Creouse un Servizo de Investigación. Os programas de estabilización e promoción do profesorado permitíronnos incrementar o 44% o profesorado doutor permanente. O recoñecemento da investigación do profesorado contratado doutor deu lugar a preto de cen tramos de actividade investigadora. O número de publicacións JCR duplicouse neste período e, na última convocatoria, once doutoramentos acadaron mención de excelencia, deles seis interuniversitarios. Mais cómpre facermos moito máis e, sobre todo, repensarmos estratexias vinculadas, entre outras, á internacionalización e á axilización da xestión.

Este último é outro dos catro aspectos que quero salientar. Loxicamente, non se trata de obviar os moitos controis e sistemas de garantías que unha administración pública debe ter, gústenos máis ou menos. Parece con todo unha opinión compartida que unha simplificación dos procedementos e un reforzamento da área da Xerencia pode contribuír a mellores resultados tamén en investigación, ou sobre todo en investigación. Esa é a idea que se propón: reforzar a área de Xerencia, cun aumento de persoas e de competencias nos segundos niveis.

En paralelo, debemos optar a fondo pola xestión electrónica e aplicala nas áreas administrativa, docente e económica, mudando naquilo que sexa necesario e posible a normativa. Isto debe implicar o Consorcio existente entre as universidades galegas para desenvolvermos aplicacións informáticas comúns e interoperativas nos ámbitos da xestión xeral (sedes electrónicas), da xestión académica (títulos electrónicos) e da investigación (xustificación de axudas e de subvencións).

Finalmente, despois de poñer por diante a garantía da Universidade como servizo público, que podo dicir da nosa proxección cultural e da responsabilidade social que asumimos? Soamente citarei dous puntos que resumen a multiplicidade de aspectos onde vimos traballando, como son a cooperación para o desenvolvemento, as políticas de xénero, o voluntariado, a actividade física, a saúde e o deporte, a cultura... En 2011 presentouse, en colaboración eficaz co Consello Social, a Memoria de responsabilidade social universitaria, que nos coloca na vangarda das universidades socialmente comprometidas. É o primeiro paso, mais obríganos a respondermos ano tras ano. Tamén en 2011 se abriu Normal, o espazo de intervención cultural da nosa universidade, en pleno centro urbano da Coruña. Desde Normal proxéctase a imaxe máis moderna, innovadora e tamén comprometida da nosa universidade, nun espazo aberto fundamentalmente á xente moza.

Non quero finalizar esta presentación sen mencionar aquilo que fora bandeira nosa e continúa a ser hoxe sinal de identificación: a transparencia e a participación. Durante os oito anos pasados esta universidade coñeceu un longo período de calma, sen grandes conflitos nin tensións. A comunidade universitaria sentiuse cómoda para traballar, libre para opinar, con medios suficientes para participar. Os/as estudantes viron ampliada a súa porcentaxe electoral do 25 ao 28%. O PAS, do 5 ao 9%. Cumprimos agora, nestas eleccións, o compromiso democrático de limitar os mandatos a dous sucesivos. Temos a garantía do feito e somos igualmente garantía de renovación.

Detrás destas páxinas están moitas persoas. Quero que estas ti tamén, que te sintas partícipe e responsable do futuro común con este programa.

Xosé Luís Armesto Barbeito
Candidato a reitor

01.

TITULACIÓNS E OFERTA ACADÉMICA

01.1

Nos próximos catro anos haberá de completarse a oferta actual de titulacións con mestrados que habiliten para profesións reguladas no ámbito da Enxeñaría. Debemos desenvolver ademais estratexias para a excelencia docente mediante unha oferta de calidade especializada e internacionalizada. Tamén nun futuro próximo afrontaremos a reordenación das titulacións prevista polo goberno de Galicia. Debemos optar por titulacións estratéxicas, en colaboración con outras institucións estatais e internacionais, sempre co obxectivo de situar a nosa universidade entre as mellores do contorno.

- Reforzamento da oferta de titulacións simultaneadas, duplas ou conxuntas con institucións de recoñecido prestixio.
- Apoio á creación de titulacións compartidas, estatais ou internacionais, desenvolvidas baixo programa regrados (Erasmus Mundus, convocatorias bilaterais etc.), dentro do marco normativo máis acaído.
- Prioridade para mestrados estratéxicos altamente especializados.
- Incremento na oferta de materias de grao e de mestrado impartidas en linguas estranxeiras. Oferta específica de cursos de competencia lingüística para o profesorado e estudiantado participante.
- Facer posible a aprendizaxe ao longo da vida coa flexibilización da normativa para a docencia de grao e de máster a tempo parcial e semipresencial. Implantación de cursos de especialización, de formación continua e de redefinición profesional.
- Mellora da xestión das prácticas en empresas mediante apoio institucional aos centros.

01.2

Calidade e axilidade administrativa van da man. Para que esta sexa viable precísase unha redución significativa da burocracia nos procesos dependentes da propia universidade. Procuraremos responder as preguntas básicas: que se quere facer?, como se fai?, como se mellora?. Ou dito doutro modo, debemos centrarnos en: obxectivos, resultados e propostas de mellora. As liña propostas son:

- Revisión e mellora dos Sistemas de Garantía Interna de Calidade (SGIC), acreditados pola ANECA e a ACSUG, para simplificar procedementos e centralos na coordinación e o seguimento.
- Apoio administrativo aos procesos de calidade e de seguimento das titulacións.
- Mellora e simplificación do sistema de xestión documental de evidencias, de documentos e xestión de indicadores para o seguimento das titulacións.

01.

TITULACIÓN E OFERTA ACADÉMICA

01.3

O seguimento da actividade docente conta xa cun programa de avaliación que permite ter información contrastada e normalizada sobre a planificación docente, o desenvolvemento do ensino, os resultados académicos e os de satisfacción obtidos polo profesorado.

- Redefinición do programa Docencia coa simplificación dos procedementos.
- Incorporación do Plano de Dedicación Académica Individual (PDÁI) do profesorado aos procesos de avaliación, de modo a considerar o conxunto de actividades realizadas.
- Mellora das ferramentas e procesos de xestión documental e de recollida de evidencias.
- Coordinación dos procesos e resultados da avaliación cos programas de formación do profesorado e dos procesos de acreditación e de promoción.
- Reelaboración das enquisas de satisfacción do profesorado e do estudiantado.

01.4

A Universidade da Coruña dispón dun Plano Director de Apoio á Formación e Innovación Educativa (AFIE), dirixido ao profesorado, cos programas Plano de apoio ao ensino (PAE), Plano de formación inicial (PFI), Plano de apoio á aprendizaxe (PAA). Ademais, desenvolveranse as seguintes liñas:

- Reformulación da convocatoria de proxectos de innovación educativa para desenvolver recursos didácticos adaptados á metodoloxía do espazo europeo de educación superior.
- Talleres prácticos de desenvolvemento de materiais para a plataforma Moodle.
- Deseño dun programa específico de formación e apoio para a acreditación, avaliación externa e promoción do profesorado.

01.5

A Universidade da Coruña fixo unha aposta importante coa implantación dos estudos de mestrados oficiais, mais non renuncia á existencia de estudos propios de posgrao, que ocupan un lugar propio, complementario, atractivo e de calidade. Coa aprobación do Regulamento de estudos propios de posgrao estableceuse unha normativa que os regulariza e garante a súa calidade e finalidade.

- Continuar os procesos de revisión e de adecuación da oferta anual de estudos propios. Atención especial aos seus niveis de calidade, con especial énfase no grao de satisfacción do alumnado e na súa taxa de éxito.
- Creación dunha base de datos de todos os cursos onde conste o seu corpo docente, o estudiantado, a xestión económica e a académica.
- Ampliación da oferta formativa de estudos propios con cursos de formación permanente e de formación continua, para dar así cobertura á demanda de formación no noso contorno socioeconómico.
- Impulso de forma normalizada á modalidade de impartición on-line para estes cursos, coa implantación dunha plataforma propia para eles.
- Axilización dos trámites administrativos para as unidades responsables.

02.

INNOVACIÓN, RENOVACIÓN TECNOLÓXICA E SIMPLIFICACIÓN DA XESTIÓN

02.1

O desenvolvemento das actividades docentes, investigadoras e de transferencia das universidades actuais esixe ferramentas que sosteñan a seguridade e a eficiencia en todas as tarefas, especialmente nas de xestión e administración. Ademais, estas ferramentas en rede deben permitir a proxección exterior da nosa universidade, tamén no ámbito internacional. A creación de bancos e repositorios de recursos, sistemas de información pública da actividade e resultados accesibles á comunidade universitaria e á sociedade en xeral será unha necesidade.

- Implantación da sinatura electrónica ou pegada electrónica.
- Implantación dun sistema completo de e-xestión administrativa, docente e económica. Implantación da e-convocatoria e das actas electrónicas.
- Ferramenta de difusión, xestión, reserva e pagamento de actividades e de instalacións vía web.
- Implantación de sistemas de seguimento de expedientes.
- Mellora do sistema de información para toda a comunidade.
- Mellora de difusión social dos recursos e actividades da Universidade da Coruña.
- Integración das webs de centros e de departamentos na web institucional, coa harmonización do seu sistema global e do deseño. Apoio técnico para centros e departamentos.
- Creación na web dun punto único de información sobre as titulacións, con especial difusión nos centros de ensino medio, e dun xestor de información pública dos resultados alcanzados.
- Fortalecemento do Repositorio institucional para acadarmos maior visibilidade internacional dos resultados de investigación da Universidade da Coruña.
- Implantación en Moodle dos recursos da Plataforma de Teleformación para posibilitar a definición de versión de docencia semipresencial e non presencial. Faranse obradoiros específicos para a súa aprendizaxe.
- Desenvolvemento e aplicación das redes sociais para a realización das actividades académicas.
- Actualización constante das tecnoloxías, co fomento do uso do software libre. Transformación e reforzamento da Oficina de Software Libre.

02.

INNOVACIÓN, RENOVACIÓN TECNOLÓXICA E SIMPLIFICACIÓN DA XESTIÓN

02.2

O conxunto de regulamentos e de procedementos administrativos elaborados durante estes últimos anos na nosa universidade amosa certo carácter asistemático e esixe, en consecuencia, ser harmonizado e adaptado ás novas realidades normativas, consecuencia das mudanzas producidas. O constante progreso nas ferramentas electrónicas debera ser un aliado natural nesta tarefa de simplificación da xestión. Por estas razóns, faise necesaria a elaboración dun programa de refundición normativa de regulamentos e de procedementos. Esta remodelación deberá basearse na implantación e na xeneralización da administración electrónica, mais tamén na axilización do funcionamento dos órganos colexiados e na captación de recursos externos.

- Auditoría normativa dos regulamentos e dos procedementos. Harmonización de regulamentos.
- Adaptación e simplificación dos procedementos aos novos sistemas de administración electrónica.
- Mellora da accesibilidade das normas e procedementos mediante a elaboración dun código electrónico de normas vixentes.
- Regulación e impulso das reunións electrónicas dos órganos colexiados.
- Elaboración dunha instrución única de tramitación dos convenios co obxectivo de simplificar os trámites e creación dos modelos tipo correspondentes.
- Elaboración dunha instrución de facturación dos servizos desde a Universidade da Coruña a terceiros.
- Adaptación do regulamento de traballos e de servizos técnicos de 2005 ao marco específico de captación de recursos incluído na Lei 14/2011, da Ciencia, a Innovación e a Tecnoloxía.
- Implantación de procedementos electrónicos, en colaboración coa Administración Xeral do Estado e a Xunta de Galicia e, de modo máis coordinado, entre as tres universidades galegas. Impulso ás actividades do Consorcio existente entre as universidades galegas para desenvolver aplicacións informáticas comúns.

03.1

Para que a investigación se transforme nun eixe fundamental da nosa institución cómpre desenvolvermos non soamente actitudes propicias, mais unha cultura que motive a actuar en prol do seu desenvolvemento.

Nestes últimos anos, a Universidade da Coruña implantou un bo número de medidas para a xestión da investigación. O catálogo de grupos de investigación, cunha normativa claramente definida, permitiu establecer un baremo obxectivo da produción científica, para alén de os grupos de investigación pasaren a xestionar os fondos obtidos en función da devandita produción científica. O Servizo de Investigación, creado e consolidado nos últimos anos, dedicou unha parte importante do seu labor á avaliación da produción científica dos grupos, á xestión das convocatorias de axudas á investigación propias e á xestión dos proxectos de investigación competitivos acadados polos nosos grupos. Ademais do anterior, nos últimos anos a Universidade da Coruña foi pioneira no cómputo da dedicación do persoal docente investigador no Plano de Organización Docente. A pesar destes avances, cómpre establecermos liñas claras de actuacións que permitan o desenvolvemento cuantitativo e cualitativo da investigación.

- Reforzo da estrutura da Xerencia da Universidade da Coruña, o que permitirá axilizar os procedementos de xestión da investigación e que virá acompañado da sistematización e simplificación dos procedementos mediante o uso das novas tecnoloxías.
- No mesma dirección de axilización, simplificación e eficiencia, estableceranse mecanismos de avaliación plurianual dos grupos de investigación para reducir a carga administrativa que supón a recompilación e a avaliación da produción científica de cada grupo e de cada investigador/a anualmente, mais sobre todo para facilitar a planificación a medio prazo dos grupos.
- Favorecerase a detección de sinerxías entre os grupos de investigación da Universidade da Coruña e os grupos de excelencia doutras institucións co fin de favorecer a súa participación en redes transnacionais e en convocatorias públicas altamente competitivas, coa creación de alianzas estratéxicas.
- Para esta meta, a Universidade da Coruña contará coa Oficina de Apoio á Investigación, a Innovación e á Transferencia, con sede en Bruxelas. Esta unidade é o resultado da colaboración entre as tres universidades galegas e o CSIC na aposta conxunta pola internacionalización.
- A súa función consistirá na detección dos programas europeos de interese para a Universidade da Coruña, a difusión da información necesaria para a elaboración de propostas e a procura de socios. Servirá ademais como observatorio de oportunidades para a internacionalización das actividades de innovación e transferencia dos grupos de investigación da Universidade da Coruña e dos centros tecnolóxicos.
- Consonte ao desenvolvemento da nova lexislación sobre doutoramento, porase en marcha a Escola de Doutoramento da Universidade da Coruña, que colaborará con outras escolas de prestixio internacional.
- Para alén destas medidas, levarase a cabo unha política de información e de difusión da produción científica da Universidade da Coruña, de xeito que aumente a súa visibilidade estatal e internacional.
- Comprometémonos a esixir da Xunta de Galicia o establecemento dun calendario estable das convocatorias de investigación e a racionalización da súa execución económica.

03.1

- Cambio progresivo da avaliación anual da produción científica cara a unha avaliación plurianual que facilite a planificación a medio prazo das actividades e da contratación de investigadores ou persoal de apoio con cargo a fondos de investigación.
- O financiamento plurianual da investigación comprenderá os gastos asociados á asistencia a congresos, reunións de investigación, estadías etc., coa finalidade de eliminar a presentación de solicitudes e a avaliación destas actividades no marco das convocatorias propias da Universidade da Coruña.
- Reforzo na xestión económica e administrativa de proxectos de investigación, con apoio aos grupos da investigación na xustificación económica dos fondos.
- Formación do profesorado investigador para a captación de fondos europeos en convocatorias competitivas de investigación.
- Creación de mecanismos de vixilancia científica e tecnolóxica que permitan informar de xeito personalizado aos grupos de investigación sobre as oportunidades de financiamento en convocatorias públicas competitivas que se adecúen ao perfil de cada grupo concreto.
- Fortalecemento da Oficina de Apoio á Investigación, á Innovación e á Transferencia de ámbito europeo para a detección, difusión e apoio ás solicitudes de proxecto e para a detección de oportunidades para a innovación e a transferencia.
- Establecemento dun programa de captación de investigadores de prestixio internacional. Fomentaranse e darase apoio ás solicitudes de prazas asociadas aos programas TalentGalia da Xunta de Galicia, Ramón y Cajal do MICINN e Marie Curie da UE, en áreas estratéxicas para a Universidade da Coruña.
- Establecemento de medidas que favorezan as estadías do persoal investigador en centros de investigación de excelencia.
- Incorporación continua de investigadores/as aos grupos de investigación do Catálogo de investigación da Universidade da Coruña ao longo de todo o ano.
- Fomento da participación de grupos da Universidade da Coruña en redes de investigación interuniversitarias. Incentivarase esta participación a través das convocatorias actualmente existentes, na UE, no MICINN e na Xunta, para o establecemento das devanditas redes.
- Incremento da presenza de investigadores da Universidade da Coruña nas comisións de avaliación e de xestión da investigación existentes a nivel galego, español e europeo.
- Maior integración de grupos de investigación da Universidade da Coruña e procura de alianzas estratéxicas con grupos de excelencia doutras universidades para concorrer a convocatorias altamente competitivas.
- Aumento da visibilidade da investigación levada a cabo pola Universidade da Coruña no sistema galego, español e europeo de I+D, así como na sociedade en xeral. Incremento da súa difusión na web da Universidade da Coruña e, no posible, en medios de comunicación.
- Reforzamento da Unidade de Divulgación Científica da Universidade da Coruña [UDC2] e da colaboración coas institucións do contorno da Universidade da Coruña, especialmente os museos científicos coruñeses e o Museo Nacional de Ciencia e Tecnoloxía, na divulgación científica e tecnolóxica cara á sociedade.

04.1

A transferencia é fundamental na relación entre a universidade e as empresas. Nestes últimos oito anos púxose en marcha na Universidade da Coruña o parque tecnolóxico, que actualmente acolle o CITIC e o CITEC no Campus de Elviña e o CIT no de Ferrol. O CICA e máis o centro ASISTA serán unha realidade tanxible nos próximos anos. Ademais, nese período fixéronse varias convocatorias para crear empresas de base tecnolóxica e para o seu acollemento no noso viveiro de empresas. Creáronse tamén o Observatorio Ocupacional, o Servizo de Apoio ao Emprendemento e ao Emprego (SAEE) e un programa de estruturación comercial de grupos de investigación.

Establecidas unhas bases sólidas para a transferencia, nos próximos catro anos reforzarase o parque tecnolóxico coa posta en marcha de novos centros que se irán integrando na Rede de Parques Tecnolóxicos do Estado. Ampliarase o espazo dedicado ás Empresas de Base Tecnolóxica, ás que se proporcionarán servizos comúns básicos. Propiciarase que a Universidade da Coruña poida participar no accionariado daquelas empresas de base tecnolóxica que se xulgaren estratéxicas para a institución. Intensificarase ademais a estruturación comercial dos grupos de investigación da Universidade da Coruña con potencialidade de transferencia. Por outra parte, o Servizo de Apoio ao Emprendemento e ao Emprego deberá orientar parte do seu labor ás persoas con título de doutor egresadas da Universidade da Coruña e ás recentemente tituladas en mestrados.

- Impulso ao parque tecnolóxico e á súa consolidación como motor socioeconómico da rexión urbana A Coruña – Ferrol coa integración na Rede Estatal de Parques Tecnolóxicos.
- Creación de alianzas estratéxicas mediante a integración dos grupos de investigación da Universidade da Coruña con grupos de excelencia doutras universidades para a concorrencia a convocatorias altamente competitivas. Contarase co apoio, entre outros, da Oficina de Apoio á Investigación, á Innovación e á Transferencia, situada en Bruxelas.
- Reforzamento das accións de estruturación comercial co obxectivo de acadarmos maior visibilidade e valorización da actividade investigadora e de transferencia dos grupos de investigación da Universidade da Coruña. Prestarase especial atención á protección da propiedade intelectual a través de patentes, modelos e licenzas e mediante o asesoramento e apoio á comercialización e explotación dos resultados.
- Reforzamento do Servizo de Apoio ao Emprendemento e ao Emprego da Universidade da Coruña, con especial incidencia na transferencia de doutores e doutoras egresados da nosa Universidade a empresas e institucións.
- Incremento dos espazos dispoñibles para empresas de base tecnolóxica, para o que se posibilitará que algúns servizos comúns básicos sexan proporcionados de forma conxunta, mesmo desde algúns grupos de investigación da Universidade da Coruña.
- Interese especial na vinculación das empresas de base tecnolóxica á Universidade da Coruña despois da súa saída do viveiro de empresas, mediante convenios específicos de colaboración e a participación accionarial.
- Computo das actividades de transferencia no Plano de dedicación académica individual (PDAI), estable das convocatorias de investigación e a racionalización da súa execución económica.

05.1

A internacionalización da Universidade da Coruña concíbese como unha estratexia orientada a fortalecer o seu desenvolvemento e a súa competitividade. É un proceso transversal que debe abranguer todas as actividades e a todos os membros da comunidade universitaria. Coa inclusión da cooperación para o desenvolvemento dentro do organigrama da nova vicerreitoría, as relacións internacionais terán tamén no noso caso unha derivada comprometida e crítica, acorde aos principios de responsabilidade social universitaria. A súa ligazón, por outro lado, coa reforma da área de Xerencia permitirá axilizar os mecanismos administrativos e de xestión para a transferencia de I+D.

Sen esquecermos nin negarmos o impacto no propio territorio, a Universidade da Coruña debe abrirse ao mundo mediante a difusión e a comunicación do coñecemento que xera, traballando conxuntamente con institucións e especialistas doutros países. Xa que logo, é fundamental establecermos políticas activas de internacionalización pensando en chave europea e internacional, sen restrinxirmos esta noción ao sinxelo concepto de mobilidade. O marco de traballo conxunto que supuxo o proceso de Boloña significou tamén a toma de consciencia de que esta apertura levaba á cooperación, mais tamén á competitividade entre universidades, en resposta a necesidades de crecemento e de expansión. A planificación de estratexias de internacionalización debe responder tamén ao recoñecemento dos potenciais implicados no pluralismo cultural, social e económico.

Este últimos anos producíronse avances significativos en mobilidade de estudantado e de profesorado, na mellora da xestión dos programas, no recoñecemento de excelencia de grupos de traballo e nos proxectos de titulacións duplas, de maior e mellor información sobre programas, da presenza institucional da Universidade da Coruña nos foros internacionais máis importantes, mediante a creación dun plano propio de internacionalización e tamén no fomento da aprendizaxe de idiomas, especialmente no estudantado. Aprobouse o Regulamento sobre mobilidade internacional de estudantes (2010), que asegura o recoñecemento de estudos realizados e establece pautas a seguir coas novas titulacións, e creouse a Comisión de Relacións Internacionais, para harmonizar a xestión da internacionalización con outros ámbitos académicos. Mais todo isto está lonxe de ser suficiente. A Universidade da Coruña ten que se esforzar aínda máis se quere alcanzar resultados medios comparables ás universidades do seu tamaño e da súa idade. Porén, para progresarmos no camiño emprendido, ademais das accións de internacionalización incluídas en organización académica e en investigación, a internacionalización deberá completarse coas accións seguintes, aplicadas aos campos da mobilidade, da visibilidade e da información. Esta actuación terá o seu fundamento na elaboración dun plano director de relacións internacionais que determine as estratexias de desenvolvemento da internacionalización da Universidade da Coruña.

- Impulso á internacionalización mediante a creación da Vicerreitoría de Relacións Internacionais e Cooperación. Terá como obxectivos a captación de estudantado estranxeiro e a integración da Universidade da Coruña en redes internacionais mediante a participación ou a coordinación en proxectos internacionais relevantes, tanto con carácter académico como de cooperación interuniversitaria.
- Aumentar cuantitativamente e cualitativamente a mobilidade do estudantado, do profesorado e do persoal de administración e servizos, principalmente no espazo europeo de educación superior, con renovada atención aos países de recente incorporación á Unión Europea e ao ámbito iberoamericano.

05.

INTERNACIONALIZACIÓN E COOPERACIÓN AO DESENVOLVEMENTO

05.1

- Ampliar o programa de información mediante xornadas de difusión das vantaxes da mobilidade, en colaboración con outros organismos públicos, e mediante xornadas de orientación e preparación á mobilidade para estudantes seleccionados en convocatorias, de xeito sistemático e institucional.
- Reforzar o programa de acollida co recoñecemento de créditos por actividades culturais.
- Acadar cando menos un 5% de mobilidade do alumnado matriculado en cada centro para converxermos cara ao obxectivo europeo do 20% (2020).
- Aumento no número de estudantes entrantes, actualmente descompensado, mediante campañas de promoción da Universidade da Coruña entre os socios actuais e potenciais.
- Informatización dos trámites de inscrición e matrícula.
- Ampliación da acollida a xornadas de recepción para facilitar a súa integración.
- Atracción de talento coa participación nos programas de bolsas de excelencia do Ministerio de Asuntos Exteriores.
- Mellora na difusión das convocatorias de programas internacionais.
- Continuidade de xornadas informativas sobre proxectos europeos coa presenza de persoas avaliadoras e expertas para favorecer e apoiar a participación dos membros da Universidade da Coruña.
- Impulso a titulacións duplas ou conxuntas con centros internacionais de prestixio en todos os niveis de ensino, tal como se está a facer na actualidade. A Vicerreitoría de Relacións Internacionais prestará o apoio na procura de socios, na negociación e na formalización de convenios.
- Incremento na oferta de materias de grao e de mestrado impartidas en linguas estranxeiras. Incentivación do profesorado que participe.
- Atracción de talento mediante bolsas propias destinadas ao estudiantado iberoamericano para a realización de mestrados e mediante a participación en programas de bolsas de excelencia de organismos públicos ou privados (Fundación Carolina, Programa de bolsas de grao Santander-CRUE, etc.)
- Asesoramento e apoio ás persoas responsables da coordinación de mestrados e de programas de doutoramento para o establecemento e fomento de convenios de mobilidade temporal internacional.
- Impulso ao programa PAP/Erasmus para a mobilidade europea en mestrados e doutoramentos, con especial atención ao estudiantado que non teña outras fontes de financiamento.
- Promoción da mobilidade temporal para fomentar a obtención do título de doutor/a europeo/a ou internacional, para o que se facilitarán estadías de investigación en universidades socias.
- Promoción de proxectos internacionais nun marco de colaboración multilateral e transfronteiriza, en que a Vicerreitoría de Relacións Internacionais prestará o seu apoio.
- Asesoramento e información ao profesorado investigador por sectores científicos, de cara ao fomento da súa participación en proxectos internacionais ou en redes científicas internacionais.
- En especial no ámbito europeo, impulso da oficina que se está constituíndo, xunto coas tres universidades galegas e o CSIC, en Bruxelas.
- Mellora da visibilidade da Universidade da Coruña nos foros internacionais.
- Difusión das titulacións da Universidade da Coruña no exterior e captación de estudantes.

05.

INTERNACIONALIZACIÓN E COOPERACIÓN AO DESENVOLVEMENTO

05.1

- Visibilidade da acción e a oferta internacionais da Universidade da Coruña na propia comunidade universitaria.

05.2

A Oficina de Cooperación e Voluntariado (OCV) deberá pasar a integrarse na estrutura da nova vicerreitoría chamada, precisamente, de Relacións Internacionais e de Cooperación. Só por isto, parece claro que este campo, tan relacionado coa responsabilidade social universitaria e os valores solidarios e críticos que defendemos, van ter un protagonismo moito maior no novo período. A cooperación para o desenvolvemento achegará, pois, unha función e un contido social de interconexión entre a nosa Universidade e as universidades do Sur.

- Desenvolver o programa dos Proxectos de coñecemento da realidade (PCR) para os converter en "Erasmus cos países do Sur". Nesta liña debería fomentarse o recoñecemento de créditos ECTS para o traballo desenvolto polo alumnado en Cooperación ao Desenvolvemento, tal como se recolle no RD 1393/2007 e no RD 861/2010.
- Reorientar a Convocatoria do Fondo 0.7 no sentido de facilitar desprazamentos de PDI e de PAS para colaborar en proxectos de cooperación con ONGD.
- Facilitar proxectos de investigación conxunta entre persoal investigador da nosa universidade e o de países en vías de desenvolvemento.
- Creación de programas específicos de formación e de sensibilización en cooperación para PDI e PAS.
- Estimular a docencia en materias de desenvolvemento.
- Estimular a colaboración coas ONGD e coa mesma administración, de tal maneira que se faga posible que a Universidade da Coruña estea presente en convenios con diferentes ONGD e que exista unha colaboración máis estreita entre persoal docente e técnico das tres universidades galegas.

05.3

O Centro de Linguas ten por misión a promoción da competencia en idiomas estranxeiros por parte dos membros da comunidade universitaria.

- Estímulo ao estudo de linguas estranxeiras entre os diversos sectores da comunidade universitaria e do galego e o español para o estudiantado estranxeiro.
- Implantación da acreditación de nivel recoñecida no conxunto das universidades españolas, ao abeiro dos acordos entre a Asociación de Centros de Linguas da Ensinanza Superior (ACLES) e a CRUE.

O estudantado constitúe a base da universidade e a garantía da súa continuidade. Como acreditamos firmemente nisto, na última reforma estatutaria propugnamos e levamos a efecto o aumento da súa representación do 25% inicial ata o 28%. O reitor que saia elixido desta vez será así aínda máis seu.

A universidade debe comprometerse cos seus alumnos e alumnas, desde o momento mesmo en que elixen estudos, para lles facilitar o progreso académico ano tras ano, ata a súa inserción na vida laboral e incluso máis aló, xa que debe ser a nosa meta como institución pública proporcionarlles canles para a formación ao longo da vida. Para isto debemos garantir unha sólida formación académica, mais tamén persoal, orientada cara ao exercicio profesional. Esta formación debe proporcionarlles, por outro lado, as habilidades, as competencias e os valores sociais e solidarios propios dunha persoa crítica e responsable, con capacidade para se enfrontaren ao mundo nas diferentes facetas da súa vida.

06.1

En atención e orientación do estudantado propoñemos:

- Afianzar e ampliar as accións de información sobre a oferta da Universidade da Coruña destinadas ao alumnado do ensino secundario e dos ciclos formativos de grao superior, ademais de aos profesionais de orientación destas etapas educativas.
- Continuar coas accións de mellora dos servizos de información e de atención xeral do estudantado. Reformulación do sitio web do Servizo de Atención ao Estudante (SAPE). Coordinación entre os distintos niveis de orientación que se prestan ao alumnado.
- Ampliar os mecanismos e as canles de información sobre saídas profesionais das titulación mediante a programación de campañas sistemáticas nos centros.
- Avanzar na resposta ás necesidades de accesibilidade, transporte adaptado e adaptación curricular.
- Manter as axudas ao estudantado con necesidades educativas especiais.
- Fomento da participación de estudantes con necesidades especiais nos programas de mobilidade internacional.
- Urxir a eliminación progresiva das barreiras arquitectónicas e de comunicación, con priorización desas intervencións.

06.2

Para a formación complementaria e o emprendedorismo

- Mantemento e mellora do programa propio de bolsas de formación complementaria, con seguimento do seu aproveitamento.
- Reformulación do programa de bolsas propias de cara a establecer un plan de axudas para a realización de prácticas externas.
- Consolidación da Feira Virtual de Emprego, transformándoa en permanente.
- Creación dun Premio Universidade da Coruña ao emprendemento estudantil.
- Actividades de formación dirixidas á adquisición de competencias para a inserción laboral: estratexias de procura de emprego, emprendemento, traballo en equipo...
- Axudas para a aprendizaxe e o perfeccionamento de linguas estranxeiras que conduzan á capacitación en niveis avanzados.
- Fomento de mecanismos de acollida e de integración do estudantado estranxeiro que permitan ao noso estudantado propio a incorporación a contextos plurilingües e interculturais.

06.3

Canto a asociacionismo e participación:

- Impulso ao asociacionismo mediante unha maior difusión das actividades das asociacións.
- Mantemento da celebración anual da Feira de Asociacións.
- Apoio ao asociacionismo do estudantado con necesidades especiais.
- Mellora da comunicación e colaboración entre as asociacións para a realización de proxectos comúns que permitan optimizar recursos e obter maior repercusión.
- Creación dunha asociación de antigo alumnado e amizade da Universidade da Coruña que contribúa á formación dunha rede social para o encontro e desenvolvemento de actividades conxuntas segundo afinidades.
- Organización de eventos que permitan o encontro e favorezan o patrocinio de actividades, bolsas, prácticas e apoios empresariais.

06.4

Taxas transporte aloxamento e servizos:

- Reafirmación da postura da Universidade da Coruña sobre o mantemento sen cambios dos prezos públicos dos estudos de grao, mestrado e doutoramento.
- Estudo para o axuste das contías dos prazos de matrícula de xeito que ningunha supere o salario mínimo interprofesional.
- Estudo e xestión, en colaboración coas autoridades correspondentes, da implantación de traxectos de autobuses por barrios.
- Seguimento continuo e resolución de disfuncións, como se está a facer na actualidade para a adecuación entre os horarios dos medios de transporte cos horarios académicos entre os diferentes campus da Universidade da Coruña.
- Estudo, en colaboración coas autoridades correspondentes, da creación de liñas que unan os campus cos concellos da área metropolitana.
- Compromiso de seguir reivindicando a construción de residencias públicas a prezos públicos nos campus de Ferrol e da Coruña.
- Fomento da bolsa de alugueiro e establecemento de mecanismos de asesoramento legal para o estudantado que o precisen.
- Reforzamento da comisión de persoas usuarias e redefinición das súas funcións para adaptalas ás necesidades de seguimento da calidade e sustentabilidade dos servizos.

06.5

A docencia, desde a perspectiva do estudante, ten perfís singulares:

- Conciliación da formación coa vida profesional ou familiar, facendo efectiva a figura do estudante a tempo parcial mediante unha maior e mellor información.
- Revisión da normativa académica, como é o caso da que reconece créditos, e do calendario académico para a súa adaptación á nomenclatura actual de titulacións.
- Seguimento do cumprimento e efectividade da Normativa académica de avaliacións de cualificacións e de reclamacións.
- Establecemento de normas administrativas para a continuidade nos estudos de cara á mellora dos resultados académicos.
- Compromiso para a procura da harmonización de criterios coas universidades do sistema universitario galego de cara ás titulacións interuniversitarias.
- Para facilitar a conclusión dos estudos en extinción nas mellores condicións posibles e pola ordenación coa que se comezou, proponse que se amplíen o número de créditos e o prazo de matrícula para o fin de carreira e, no caso da convocatoria de decembro, estudarmos a supresión do carácter vinculante da matrícula.

07.1

Na política de profesorado, dentro do actual contexto económico, cómpre realizar un esforzo especial para consolidar o noso persoal docente. Daráselle continuidade ás políticas de captación de talento e de promoción da calidade seguidas nos dous últimos mandatos e que permitiron o incremento do 44% no cadro de persoal de profesorado permanente doutor. O colectivo do profesorado permanente doutor debe constituír o núcleo fundamental do PDI da nosa Universidade.

A política de profesorado é a base sobre a que se dá impulso á calidade na docencia, na investigación, na responsabilidade social e na nosa aposta pola internacionalización. Manteremos o plan de promoción mediante a cualificación. Faremos un esforzo extraordinario para defender que todo o persoal investigador e axudante acreditado poida ter a oportunidade de concursar a unha praza fixa. Nesa dirección, as liñas programáticas para a política de profesorado destes vindeiros catro anos estrutúranse sobre os seguintes obxectivos:

- Continuar co programa de promoción mediante a cualificación.
- Empregar a figura de axudante con compromiso de estabilidade cando nunha determinada titulación non se dispoña, polas condicións do mercado profesional, de persoal formado e acreditado que poida concursar a praza de profesor/a doutor permanente.
- Manter as medidas para o fomento da xubilación voluntaria do profesorado dos corpos docentes universitarios.
- Captación de profesorado sénior e de profesionais para campos estratéxicos da Universidade da Coruña.
- Elaboración dun Plano de Dedicación Académica Individual que recolla todas as actividades docentes, investigadoras, de transferencia e de xestión que realiza o profesorado.
- Computar integramente a docencia de mestrado no Plano de Organización Docente (POD).
- Implantación de mecanismos efectivos de avaliación da actividade docente do profesorado. Redefinición do programa Docencia.
- Continuar coa política sobre tamaño de grupos, que permite un ensino máis personalizado nas titulacións adaptadas ao espazo europeo de educación superior. A mellora substancial na redución de estudantes por grupo debería facilitar obxectivamente o proceso de aprendizaxe.
- Renovar a normativa para a selección de profesorado contratado para a súa adaptación aos novos cambios normativos. Procurarase a simplificación do baremo sen menoscabo do mérito e da capacidade das persoas concursantes.
- O fomento do galego na docencia de graos e de mestrados debe acompañarse de medidas semellantes para o aumento progresivo da docencia en inglés.
- Mellora da competencia lingüística xeral do PDI mediante accións e programas de formación de capacitación lingüística do profesorado universitario.
- En colaboración con centros e departamentos, impulso á elaboración de criterios para a asignación do encargo docente. Parece necesario termos en conta a preparación e formación individual de cada docente á hora da asignación de docencia.

07.

PROFESORADO

07.1

- Elaboración de estratexias e de programas que incentiven as estadias do noso persoal docente e investigador noutras universidades e centros de prestixio.
- Vincular os resultados da avaliación docente cos programas de formación do profesorado e cos procesos de acreditación e de promoción.
- Establecemento de mecanismos para reducir os desaxustes temporais entre a contratación de profesorado e a súa incorporación ás aulas. Adianto do período de elaboración do PDA/POD. Creación de listaxes de agarda para a súa substitución.

08.1

O persoal de administración e servizos é parte esencial da Universidade da Coruña. Por tal razón, na última reforma dos Estatutos da Universidade propugnamos unha suba da súa porcentaxe de representación nos órganos de goberno, que pasou de 5% a 9%, isto é, un aumento substancial para que a súa voz teña máis peso nas decisións colectivas.

Na concepción da universidade como servizo público de calidade, o persoal de administración e servizos ten que constituír unha base ampla e sólida que garanta a xestión directa e eficaz dos servizos. As políticas de recortes indiscriminados e de suposto adelgazamento da administración non son as nosas. O reto é, hoxe e aquí, a defensa consciente e eficaz dos actuais postos de traballo fronte a calquera ameaza das que se debuxan no horizonte inmediato.

Para alén disto, toda institución debe contar cun contorno laboral que motive os seus integrantes. En consecuencia, reforzarse a liña de formación, de cualificación e de promoción do persoal de administración e servizos. Do mesmo modo, acreditamos firmemente en que o diálogo e a negociación deben continuar a ser parte esencial do funcionamento da institución.

- Culminación da política de estabilidade no emprego, practicamente finalizada en PAS funcionario e en curso de realización durante 2012 en PAS laboral.
- Mellora das políticas de aprobación e de execución regular das relacións de postos de traballo (RPT). Para a consecución dunha administración máis eficiente, negociárase unha nova RPT de PAS funcionario en 2012.
- Normalización da situación do PAS laboral mediante a execución da actual RPT durante 2012. Aprobárase ademais o inicio e execución dunha nova. A posta en marcha do acordado na transitoria segunda do Convenio será inmediata, unha vez sexa aprobada a nova RPT.
- Aposta pola carreira profesional do PAS, co impulso á cualificación e á promoción horizontal e vertical. Cumprimento do actual acordo de promoción. Manterase ademais a política de promoción mediante a negociación e a sinatura de novos acordos, tanto no PAS funcionario como no laboral, dentro dos límites de dispoñibilidade orzamentaria.
- Reforzamento da Xerencia, con aumento de persoas e de competencias.
- Implantación da administración electrónica e dos manuais de procedemento.
- Daremos fin á elaboración das cartas de servizos de todas as unidades de administración e servizos.
- Política de avaliación dos servizos cos consecuentes planos de mellora no seu funcionamento.
- A concesión de comisións de servizos e a xestión de listaxes de agarda continuará a ser xestionada mediante procedementos regrados e pactados coa representación dos traballadores.
- Actualización da acción social.
- Fomento da formación continua do persoal cunha programación completa e sistemática, aproveitando as posibilidades de formación non presencial.
- Apoio á mobilidade voluntaria no marco do sistema universitario galego e implantación doutros mecanismos que a complementen.
- Fomento da mobilidade internacional coa participación en International Staff Weeks.
- Impulso á aprendizaxe de idiomas consonte as necesidades de mobilidade

08.

PERSOAL DE ADMINISTRACIÓN E SERVIZOS

08.1

internacional.

- Conciliación do traballo coa vida familiar, con flexibilización de horarios.
- Mellora do programa de Prevención de Riscos e das políticas de saúde laboral.
- Implicación do PAS na política de responsabilidade social universitaria da Universidade da Coruña.
- Incorporación do PAS ás políticas de cooperación ao desenvolvemento desenvolvidas desde a Universidade.

09.1

A acción cultural da Universidade da Coruña é un obxectivo estratéxico da nosa proxección social como servizo público. Diríxese por igual á propia comunidade universitaria como ao conxunto da cidadanía. Ademais de pública, e por tanto orientada á sociedade, a universidade ten no estudantado un axente esencial, central, na súa acción cultural. A formación integral do estudantado en valores sociais e culturais, humanos en definitiva, é tan importante como a súa aprendizaxe de destrezas profesionais.

- A universidade debe ser crítica por definición e aínda máis no terreo da cultura. Propugnamos unha cultura plural, crítica e inconformista, próxima ao estudantado e aos seus valores estéticos xeracionais.
- **NORMAL**, definido como "espazo de intervención cultural da Universidade da Coruña", é un instrumento central da súa actividade cultural e da súa proxección social, especialmente para a xente moza. É un espazo para novas linguaxes, cunha programación diferente, interdisciplinaria, vinculada á experimentación contemporánea. Liga ademais a cultura coa vida pública no sentido máis amplo, con atención á reflexión sobre políticas de xénero e á cooperación.
- A inauguración do teatro **NORMAL**, previsto para 2012, abrirá novas posibilidades para a produción e para o intercambio. Permitirá desenvolver alí actividades agora dispersas, como o Campus Rock ou o Festival Internacional de Teatro e Danza contemporáneos (FITEUC).
- No primeiro andar de **NORMAL** estará de inmediato a Universidade Sénior.
- A cultura debe contribuír á nosa internacionalización mediante a participación en foros de intercambio de proxectos con outras universidades ou centros culturais.
- A inauguración do espazo cultural e deportivo de Serantes permitirá contar tamén neste campus cun espazo propio para exposicións, cinema ou conferencias e cursos. Fará posible ademais o intercambio con **NORMAL**.
- A divulgación científica e tecnolóxica forma parte da nosa política cultural. Contamos xa coa Unidade de Divulgación Científica da Universidade da Coruña (UDC2), que deberá ter maior presenza e visibilidade. Reforzaranse a colaboración co MNCYT, museos científicos coruñeses, CEIDA, centros tecnolóxicos e outros organismos públicos de investigación.
- O incremento sostido da oferta de cursos de verán será un obxectivo central.

09.2

En Deportes hai un aumento significativo na aparición das nosas actividades nos medios de difusión, un síntoma dos avances realizados nos últimos anos. Colaboramos con federacións e clubs da Coruña e de Ferrol para a nosa representación en campionatos galegos e españois e somos a mellor das tres universidades galegas en medalleiro, ou dito doutro modo, estamos entre as mellores do Estado.

Á marxe do aspecto competitivo, a comunidade universitaria sabe das vantaxes derivadas dunha concepción saudable da actividade física, materializada na apertura de novas salas de mantemento nos baixos do estadio de Elviña –con inmediata continuación en Ferrol- ou a Unidade de Exercicio Físico e Saúde (UES). Tres grandes áreas configuran os nosos obxectivos neste terreo da actividade física: saudable, recreativa e competitiva.

- Impulso do deporte nacido na propia universidade.
- Intercambio realmente equitativo entre o deporte universitario coruñés e as administración públicas, federacións deportivas, asociacións e clubs.
- Reflexión sobre a relación entre deporte e xénero, co obxectivo da integración real das mulleres na actividade física e o rexeitamento da masculinización da práctica deportiva. Igual sucede coa relación entre deporte e discapacidade.
- Maior visibilidade e participación para o Día do Deporte e os premios Universidade da Coruña.
- Consolidación das accións ligadas á saúde, coa ampliación das prestacións da Unidade de Exercicio Físico e Saúde.
- Apertura inmediata de novas salas e horarios nos baixos do estadio de Elviña e primeira instalación no campus de Ferrol.
- Deseño de roupa deportiva, tanto para competir como para comercializar.
- Marco normativo para as necesidades de deportistas de alto nivel.
- Colaboración estreita en campos compartidos coas facultades de Ciencias da Educación, de Ciencias do Deporte e a Educación Física e coa Escola de Náutica e Máquinas.
- Apertura das instalacións da nova Aula Náutica e reforzamento das posibilidades que ofrece, sempre en colaboración coa Escola de Náutica e Máquinas.
- Procura de espazos deportivos propios en Ferrol, mediante conversas co Concello e coa Armada.

10.1

O Plano de financiamento do Sistema Universitario de Galicia (2011-2015) continúa a ser profundamente insatisfactorio para a Universidade da Coruña, pois, para alén de profundar nunha discriminación histórica, non reconece a correcta xestión dos recursos dispoñibles que se veu facendo durante estes últimos anos. A Universidade da Coruña, xa que logo, debe reiterar a reivindicación de mecanismos de compensación dos desequilibrios que tomen en conta as nosas necesidades reais e nos permitan desenvolver as actividades que como institución pública debemos exercer. En calquera caso, farase necesario un novo plano estratéxico da Universidade da Coruña que parta da nosa realidade actual para definirmos con clareza tanto os obxectivos estratéxicos como as liñas de actuación para alcanzalos.

A planificación estratéxica enténdese como un compromiso público de actuacións para a procura de obxectivos compartidos e coñecidos pola comunidade universitaria. Neste sentido, a planificación estratéxica deberá guiar a medio prazo, e máis que nunca, o conxunto de actividades da Universidade. A necesidade da elaboración dun novo plano estratéxico terá que considerar o contorno economicamente complexo e os procesos de cambios que se están a producir no modelo universitario. Terá que partir dunha análise crítica sólida que considere todos os aspectos da institución que temos e a que se quere defender. En conclusión, trátase de definir aquelas actuacións que impulsen a nosa institución cara os obxectivos marcados.

- Mantermos o rigor na planificación económica, que nos permitiu moderar os efectos do deterioro do contexto económico.
- Continuar e consolidar a transparencia nas actuacións no ámbito orzamentario, mediante a publicación dos criterios de distribución de fondos, das liquidacións e dos indicadores e demais documentos estratéxicos.
- Aliñar progresivamente os criterios de reparto orzamentario cos obxectivos establecidos para a institución. Facilitaremos así o alcance destes obxectivos e acadaremos un mellor financiamento para a Universidade da Coruña.
- Deseño dunha planificación estratéxica a medio prazo, baseada esencialmente no plan de financiamento do sistema universitario galego.
- Procurar o acordo co conxunto da comunidade universitaria para unha definición da finalidade, do modelo de institución e dos principios xerais que orientarán a formulación de obxectivos do plano estratéxico.
- Deseñar e aplicar unha política de captación de fondos, para o que se contará, entre outros, coa Oficina de Apoio á Investigación, á Innovación e á Transferencia, situada en Bruxelas.
- Comezar a negociar, no marco do sistema universitario de Galicia, os criterios para o seguinte plano de financiamento, de xeito que nos permita acadar financiamento xusto para a Universidade da Coruña.
- En particular, asumimos a determinación clara e favorable para a nosa institución sobre os criterios de reparto das partidas ligadas a resultados e a calidade.
- Reforzamento da oficina de planificación estratéxica para permitir un seguimento mellor da execución do plano estratéxico da Universidade da Coruña.

11.1

Malia o contexto económico, a Universidade da Coruña emprendeu un plano de modernización e adaptación das súas infraestruturas que parte dun estudo de necesidades e de prioridades perfectamente definidas. O noso compromiso é continuar o camiño trazado, para finalizar actuacións en proceso e iniciar outras novas, sempre de acordo co criterio de planificación seguido.

O deseño de novos proxectos seguirá as directrices do Plano director de infraestruturas da Universidade da Coruña, rematado no 2009. Segundo este plano, os campus non deben ser interpretados como espazos illados, mais como lugares de encontro, con instalacións acáidas para a docencia, a investigación e a transferencia. Neles, a comunidade debe poder encontrar espazos de convivencia máis aló das aulas. Zonas residenciais ou servizos universitarios, culturais e deportivos constitúen, deste modo, ferramentas para a creación dun auténtico barrio universitario inserido na trama urbana.

A comunicación cidade-campus é primordial para a construción desta cidade universitaria. A resposta a esta necesidade deberá ser abordada desde diferentes enfoques: transporte público, racionalización do transporte privado, alternativas de acceso respectuosas co medio. O deseño dos campus tamén debe impulsar formas de desprazamento de impacto ambiental baixo.

O coidado ambiental será outra das nosas prioridades de actuación. Nos últimos anos, a Universidade da Coruña veu impulsando varias accións cunha marcada compoñente ambiental: reforma de espazos públicos, actuacións de control do gasto enerxético e do consumo de auga, xestión dos residuos, programas encamiñados á mobilidades sustentable... Os resultados desta xestión puxéronse xa de manifesto na redución do consumo de auga e na estabilización do consumo enerxético, o que se traduce tamén nun importante aforro económico para a Universidade da Coruña. É preciso avanzarmos nesta liña de actuacións, mais cómpre definirmos e impulsarmos tamén unha xestión ambiental interna avanzada, crearmos mecanismos específicos de participación en temas de medio ambiente e de xestión e acceso á información ambiental. O obxectivo é a xeración dunha proxección interna e externa sobre temas ambientais novidosa e dinámica. A Guía para a sustentabilidade ambiental na Universidade da Coruña, elaborada pola Oficina de medio ambiente no último ano, contén propostas sectoriais para a reflexión colectiva e unha guía para desenvolver no futuro próximo.

- Finalizar a adaptación das infraestruturas docentes ás esixencias do Espazo Europeo de Educación Superior.
- Mantermos a esixencia de construción de residencias universitarias públicas nos Campus da Coruña e de Ferrol.
- Prioridade ao remate das obras comezadas e mantemento e conservación das infraestruturas existentes.
- Remodelación progresiva do espazo dos campus, acondicionamento de espazos e de servizos para a comunidade e promoción de cantas medidas faciliten a vida e a convivencia nos campus.
- Negociar coas administracións con competencias melloras nos accesos aos campus, tanto no transporte público como na comunicación intercampus.

11.

INFRAESTRUTURAS E MODELO AMBIENTAL SUSTENTABLE

11.1

- Facilitar e promover o acceso non motorizado aos campus, co obxectivo de reducirmos a dependencia espacial, enerxética e económica do vehículo privado: carrís bici e sendas peonís no campus, resolución de problemas de acceso, aparcabicis, residencia universitaria no campus etc.
- Procura de alternativas para os problemas de aparcamento nos campus.
- Promover o uso compartido entre centros das infraestruturas docentes e os servizos.
- Racionalizar e optimizar os espazos comúns.
- Revisar periodicamente os horarios para favorecer a conciliación e o aforro enerxético.
- Definir o compromiso institucional e a visión estratéxica da sustentabilidade na Universidade mediante un plano de sustentabilidade.
- Reforzamento da Oficina ambiental.
- Creación da Comisión Ambiental como órgano de participación da comunidade universitaria.
- Consolidar e avanzar nas actuacións encamiñadas á prevención no eido enerxético e da auga (Plano enerxético da Universidade da Coruña, Plano sostauga).
- Deseño dun plano de recollida selectiva de diferentes tipos de residuos.
- Promover a compra e contratación verdes (formación, guía de apoio, obxectivos etc.).
- Programa de divulgación e de voluntariado ambiental, co obxectivo de facermos chegar ao conxunto da comunidade universitaria a preocupación polas cuestións ambientais e a súa solución. outros, coa Oficina de Apoio á Investigación, á Innovación e á Transferencia, situada en Bruxelas.
- Comezar a negociar, no marco do sistema universitario de Galicia, os criterios para o seguinte plano de financiamento, de xeito que nos permita acadar financiamento xusto para a Universidade da Coruña.
- En particular, asumimos a determinación clara e favorable para a nosa institución sobre os criterios de reparto das partidas ligadas a resultados e a calidade.
- Reforzamento da oficina de planificación estratéxica para permitir un seguimento mellor da execución do plano estratéxico da Universidade da Coruña.

12.1

A comunicación, como vía para dar a coñecer á sociedade o que somos e o que facemos, é asumida hoxe como un dos grandes retos pendentes na universidade española, tal como vén manifestando o propio Consello de Reitores de Universidades Españolas (CRUE). O Gabinete de Comunicación da Universidade da Coruña deixou atrás hai moitos anos a vella concepción dun gabinete de prensa no sentido convencional. Abrangue hoxe, para comezar, non soamente as responsabilidades de prensa, mais toda a área de mercadotecnia e de identidade corporativa, en que somos exemplares no sistema universitario galego, para o que contamos con persoal propio para deseño de campañas e produtos e coa inserción dos recursos audiovisuais no organigrama.

Os principais retos para o futuro inmediato serán a comunicación interna e a comunicación científica. No que respecta á comunicación interna, despois de acadar unha imaxe corporativa moi boa e recoñecida fóra, deberíamos interiorizar esa propia imaxe no interior da universidade, fortalecendo o sentido de pertenza con independencia do sector a que cada quen pertenza.

- Dependencia directa do reitor, como é habitual noutras universidades.
- Reforzamento da presenza institucional da Universidade nas diferentes redes sociais e impulso á participación nelas do estudiantado.
- Avanzar na configuración da portada da web institucional como auténtico xornal de actualidade universitaria, con novas prestacións e recursos.
- Fomentar e mellorar a comunicación interna, especialmente a que parte dos propios centros.
- Continuar a atención e a ligazón de intereses coa contorna social, económica e cultural, en colaboración estreita co Consello Social.
- Creación dunha newsletter diaria con información sobre a Universidade da Coruña ou temas que poidan interesar, propiciando a participación e o feedback.
- Reconducir a actual dispersión na captación de futuro estudiantado mediante campañas e accións pensadas desde Comunicación.
- Reforzar a comunicación co antigo alumnado.
- Estreita colaboración entre a Unidade de Divulgación Científica (UDC2) e o Gabinete de Comunicación, co apoio directo da Vicerreitoría de Investigación, para reforzar a comunicación científica e a visibilidade institucional.
- Reconsideración e reforzamento dos mecanismos de información, recepción e resposta en períodos punta, como o da matrícula e chegada de novo alumnado. Creación dun teléfono específico de atención, con xestión propia, mais segundo o modelo ensaiado en campañas anteriores, que podería atenderse todo o ano.
- Creación dunha sala de prensa virtual ou 2.0, xa establecida noutros ámbitos, que facilitaría a comunicación máis estable e dinámica cos medios.
- Implantación progresiva da gravación de roldas de prensa e a posibilidade de subir con axilidade vídeo, son e fotos á web.

13.1

Os dous mandatos anteriores significaron un enorme avance na política de normalización lingüística da nosa universidade: consolidouse o Servizo de Normalización Lingüística, coa ampliación de prazas; aprobouse o Plano de normalización lingüística da Universidade da Coruña, que recolleu nun documento de consenso a proposta desta institución en materia de defensa e compromiso co galego; puxéronse en funcionamento as comisións de normalización lingüística dos centros, mecanismos esenciais de participación directa da comunidade universitaria na normalización lingüística.

Esta comprensión participativa da política lingüística é fundamental para asumirmos a nosa obriga institucional de fomentar o seu uso e mellorar a súa calidade, como corresponde á institución superior do ensino. Por outra parte, a necesidade de promover nesta, como noutras materias, a existencia dun sistema universitario galego, tendente a rendibilizar esforzos e a partillar recursos, levounos a impulsar a creación da Comisión Interuniversitaria de Política Lingüística, un proceso promovido desde a Universidade da Coruña, iniciado entre as tres universidades e consolidado nestes momentos ao se integraren nela a Secretaría Xeral de Política Lingüística e a Secretaría Xeral de Universidades da Xunta de Galicia. De entre o intenso labor que desenvolveu desde a súa creación en maio de 2009, temos de subliñar a campaña En galego tamén se fai ciencia, de ampla repercusión social dentro e fóra da universidade.

Nos vindeiros catro anos, o Servizo de Normalización Lingüística comprometerase a seguir facendo aquilo que establecen os Estatutos da Universidade da Coruña: o feito de ser o galego a lingua propia da Universidade. Apostamos por el porque acreditamos nun mundo plurilingüe e pluricultural, diverso e heteroxéneo, onde as culturas dialoguen e se enriquezan en pé de igualdade.

Para todos estes fins resulta prioritario continuar a desenvolver o plano de normalización lingüística, aprobado o 14 de decembro de 2006, en especial coas seguintes prioridades:

- Incremento do uso do galego na docencia e na investigación a través de medidas e programas que estimulen o seu uso e posibiliten a formación do profesorado en materia (socio)lingüística e que fagan realidade o dereito dos/as estudantes a recibiren, cando menos, unha parte dos seus estudos en lingua galega.
- Como complemento a este obxectivo central, a Universidade da Coruña promoverá na Comisión Interuniversitaria de Política Lingüística a elaboración de manuais de referencia para os primeiros cursos dos graos e a creación de repositorios na rede que poidan dar resposta ás carencias existentes.
- Igualmente, traballará en colaboración coas outras universidades, para promover publicacións científicas en galego e para eliminar calquera obstáculo para a nosa lingua ser instrumento de divulgación do labor investigador.
- Apoio á realización de teses de doutoramento, traballos fin de mestrado e traballos de investigación en xeral en galego, quer co apoio económico directo quer coa creación de premios específicos por ámbitos de coñecemento.
- Continuar a formación e o perfeccionamento do uso oral e escrito da lingua galega entre a comunidade universitaria.
- Apoio ao alumnado de intercambio, con cursos específicos e elaboración de materiais.

13.1

- Desenvolvemento de actividades de dinamización, como as Xornadas Lingua e Usos e o Curso de Verán sobre Dinamización Lingüística realizado en colaboración coa Coordinadora de Traballadores/as en Lingua Galega.
- Reconsideración e reforzamento dos mecanismos de información, recepción e resposta en períodos punta, como o da matrícula e chegada de novo alumnado. Creación dun teléfono específico de atención, con xestión propia, mais segundo o modelo ensaiado en campañas anteriores, que podería atenderse todo o ano.
- Creación dunha sala de prensa virtual ou 2.0, xa establecida noutros ámbitos, que facilitaríaa comunicación máis estable e dinámica cos medios.
- Implantación progresiva da gravación de roldas de prensa e a posibilidade de subir con axilidade vídeo, son e fotos á web.

14.1

A Universidade da Coruña presentou neste ano 2011 a súa primeira Memoria de responsabilidade social universitaria, en colaboración co Consello Social e mediante un convenio con INDITEX S.A. Foi un proxecto concibido como rede de intereses compartidos entre a comunidade universitaria, a cidadanía, a administración pública e as empresas do contorno. A comunicación e a colaboración con estes grupos perseguía trasladar as estratexias e actuacións da Universidade da Coruña nas súas responsabilidades e deberes a prol dunha cidadanía máis xusta e mellor formada.

A responsabilidade social é un terreo onde a transversalidade é evidente, pois abrangue aspectos incluídos en moitas partes deste programa, vida saudable, deporte, sustentabilidade ambiental, cooperación, eficiencia enerxética, mobilidade ou accesibilidade, entre tantos outros.

A Oficina para a Igualdade de Xénero (OIX) creouse en 2006, antes de que a L.O. 3/2007 determinase a súa creación nas universidades para introducir a perspectiva de xénero nas tarefas docentes e investigadoras e, tal como se considera na Universidade da Coruña, para analizar e impulsar as transformacións necesarias para a igualdade efectiva entre homes e mulleres.

As ferramentas fundamentais para a transformación perseguida son o diagnóstico de igualdade e o plano de igualdade. Ambos se encontran pendentes de aprobación e o primeiro está practicamente finalizado. O obxectivo da igualdade de xénero requirirá un maior impulso institucional e o compromiso dos axentes representativos dos diferentes sectores universitarios e do conxunto da nosa comunidade para termos no prazo máis breve o plano de igualdade.

- Aprobación do diagnóstico de igualdade e inmediato comezo dos traballos para a discusión, redacción e posterior aprobación do plano de igualdade.
- Reforzamento operativo e funcional do consello asesor da OIX.
- Creación na Universidade da Coruña dun espazo de reflexión, de debate e de investigación para os estudos de xénero e para o fomento das investigacións con esa perspectiva.
- Progresiva apertura do traballo da Oficina de Igualdade de Xénero ás perspectivas do chamado pensamento LGBTQ.
- No marco da responsabilidade social, reforzamento da Oficina como eixo de relación entre a universidade e colectivos feministas na Coruña e en Ferrol.
- Desenvolvemento inmediato de estratexias para o equilibrio entre o número de mulleres e de homes nas distintas titulacións da Universidade da Coruña.
- Estratexia de colaboración con Cooperación e Relacións Internacionais para actuacións en países onde os dereitos das mulleres non están garantidos.
- Revitalización do premio propio Muller Ciencia Artes da Universidade da Coruña.

14.

RESPONSABILIDADE SOCIAL UNIVERSITARIA

14.2

O Servizo de Prevención de Riscos Laborais da Universidade da Coruña establece o programa de Saúde Laboral, dirixido a PDI, PÁS e estudantes. Tratarase de dinamizar as actividades desenvolvidas en tres eixes relacionados con formación, información e vixilancia da saúde: elaboración e execución do programa anual de formación do Servizo de Prevención, Manual de prevención de doenzas específicas dos postos de traballo especializado, elaboración e distribución dun manual de bos hábitos preventivos, programa de universidade saudable e específico de vixilancia da saúde para mulleres en situación de embarazo ou de lactación materna.

14.3

A Universidade Sénior aposta pola extensión do coñecemento a toda a cidadanía, especificamente ás persoas que non tiveron a oportunidade de accederen a estudos avanzados ou ben que desexan ampliar e actualizar os seus coñecementos. Con 598 persoas matriculadas, a Universidade Sénior é a de maior número de persoas matriculadas do Estado e unha das máis recoñecidas no ámbito europeo.

- Ampliación da oferta de prazas e ampliación da oferta de obradoiros.
- Desenvolver vías de acceso a para maiores de 40 e 45 anos, mediante o recoñecemento dos Programas de Universidade para Maiores (PUM).
- Fomentar a aprendizaxe permanente mediante o acceso como ouvinte aos titulados nos PUM en aulas de estudo de grao, cun máximo de dúas materias.
- Continuidade da proxección internacional con atención á colaboración cos programas e centros de formación para adultos europeos e con Iberoamérica.

14.4

A Unidade Universitaria de Atención á Diversidade (ADI) creouse en 2004 co obxectivo de atender os membros da comunidade universitaria con necesidades educativas especiais derivadas da diversidade funcional. A consolidación dos programas de incorporación á Universidade, do programa de atención personalizada e do programa de asesoramento educativo ao profesorado son prioridades que acompañan estas outras:

- Eliminación progresiva das barreiras arquitectónicas e de comunicación.
- Creación da Rede Universidade da Coruña Accesible, orientada a favorecer e mellorar a inclusión de estudantes con diversidade dentro da Universidade.
- Continuar as xornadas de sensibilización sobre diversidade funcional.

14.5

A Universidade da Coruña dispón de infraestruturas para a conciliación da vida laboral coa familiar. En 2001 creouse a gardaría do Campus de Elviña para nenos e nenas entre seis meses e tres anos. Existe tamén un programa de axudas para a escolarización nos campus de Ferrol que pode ser utilizado por calquera membro da Universidade. O Centro ASISTA, ademais das súas funcións de innovación e desenvolvemento, poderá cumprir nun futuro a función de atención ás persoas dependentes, contribuíndo á conciliación familiar. Non esquecemos os campamentos de verán para nenos e nenas da nosa comunidade, en inglés e en deportes, que se veñen desenvolvendo nos campus da Coruña e de Ferrol, para alén das tradicionais festas de Fin de ano.

15.1

A máxima descentralización da xestión en todos os seus ámbitos continuará a ser unha liña básica da nosa actuación no Campus de Ferrol e a marca da vicerreitoría correspondente. Resulta tamén de importancia capital a mellora das instalacións e a calidade dos servizos económicos e administrativos. A Universidade, con todo isto, deberá ter unha presenza aínda máis salientable na comarca de Ferrolterra como polo de atracción e como factor de dinamización e desenvolvemento da comarca.

Somos unha soa universidade. Querémola cohesionada e con conciencia de pertenza. Isto reflíctese no feito de estar presente o campus de Ferrol en todas as páxinas precedentes, o que non impide que mereza consideración especial.

- Construción da residencia universitaria nos terreos do Sánchez Aguilera.
- Procura de alternativas para o problema dos aparcadoiros.
- Continuar a mellorar o servizo de transporte e fomentar o uso da bicicleta.
- Optimizar o uso da biblioteca da Casa do Patín.
- Reorganización progresiva dos estudos de Enxeñaría co obxecto de optimizar recursos.
- Posta en marcha dos mestrados correspondentes ás titulacións de Enxeñaría.
- Captación de alumnado de Ferrolterra con programas de difusión das titulacións e visitas de centros educativos de ensino medio.
- Aumento da porcentaxe de cursos de formación para o PAS e o PDI nos campus de Ferrol.
- Mellora das infraestruturas e equipamentos dos grupos de investigación.
- Establecemento de convenios coas empresas do contorno para a realización de teses de doutoramento.
- Atraer a Ferrol a realización de eventos e de reunións científicas.
- Considerar de modo singular a transferencia coas empresas da comarca.
- Ampliar a oferta cultural, deportiva e de voluntariado no campus de Ferrol.
- Apertura do Centro cultural e deportivo de Esteiro.
- Procura de instalacións deportivas propias ou compartidas, no seu caso mediante convenios, para o seu uso pola comunidade universitaria.
- Colaboración con empresas e asociacións culturais da contorna para actividades de extensión e de proxección da Universidade relacionadas con titulacións do Campus.

EQUIPO DE GOBERNO

XOSÉ LUÍS ARMESTO

Reitor

RICARDO CAO

Vicerreitor de Investigación e Transferencia

NATALIA ÁLVAREZ LATA

Vicerreitora de Relacións Internacionais e Cooperación

AMALIA BLANCO LOURO

Vicerreitora de Planificación Económica e Infraestruturas,

JULIO ABALDE ALONSO

Vicerreitor de Titulacións, Calidade e Novas Tecnoloxías

MARÍA XOSÉ MARTÍNEZ

Vicerreitora de Estudantes, Cultura e Deportes

GUSTAVO REGO VEIGA

Vicerreitor de Profesorado e Planificación docente

ARACELI TORRES MIÑO

Vicerreitora do campus de Ferrol e Responsabilidade Social

CARLOS AMOEDO SOUTO

Secretario Xeral